 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO TRABALLO SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	--	--

## RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

O Grao de Traballo Social utiliza os recursos materiais e servizos dos que dispón tanto a Facultade de CC. da Educación como o Campus.

Comparte espazos e equipamentos con outras Titulacións de Grao (Educación Primaria, Educación Infantil, Educación Social) e Máster.

As actividades docentes e de servizos distribúense en diversos edificios:

(1) O Edificio Facultades ou Edificio de Ferro no que se atopan, entre outras instalacións, as aulas, laboratorios, e servizos de Secretaría e do Decanato.

(2) Pavillón 1 e Pavillón 2 nos que se atopan os despachos do profesorado, así como seminarios e algúns laboratorios.

(3) Comparte recursos materiais e servizos con outros centros do Campus de Ourense.

A Facultade realizou as modificacións necesarias que garanten a accesibilidade: prazas de coche reservadas para minusválidos físicos, servizos hixiénicos adaptados, ou sinalizacións en Braille.

### ***Aulas e seminarios***


#### *Aulas*

Calquera das aulas da Facultade polo seu tamaño é axeitada para levar a cabo o proceso formativo. As aulas dispoñibles son ao redor de 26. O prototipo das mesmas responde a tipoloxías espaciais variadas: anfiteatro e, en número mais abundante, aulas de asentos movibles.

O equipamento das aulas empregadas para o desenvolvemento do proceso formativo conta cunha dotación de carácter estable. Todas as aulas dispoñen de canón de proxección, ordenador e equipo de son, así como con conexión WIFI, que funciona en toda a contorna da facultade. Tamén contan con outros recursos audiovisuais como televisores, lectores de VHS, vídeo e proxectores de transparencias.

Ademais, existen aulas con equipamento específico atendendo ás peculiaridades do proceso formativo en determinadas materias:

- Aula de educación física e expresión corporal que dispón de colchóns, bancos suecos, pequenos materiais (pelotas, aros, cordas, etc.).
- Polideportivo universitario con sala de musculación que contén equipos de tecnoloxía avanzada, squash, mesas de xogos, etc.
- Aulas de música con piano, xilófonos, instrumentos de percusión e de vento, etc.
- Aula de Educación Visual e Artes Plásticas con materiais variados para debuxo e artes plásticas, e que necesitaría un mobiliario específico.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO TRABALLO SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	--	--

### *Seminarios*

Existen seminarios para o traballo en pequeno e mediano grupo, así como para reunións específicas do profesorado, o centro conta con 10 seminarios de diferentes tamaños e 4 salas de investigadoras/es.


Para o traballo e estudo persoal, o alumnado conta con espazos ou salas de acceso libre a Internet, seminarios, Salón de Graos, Biblioteca, etc. Para o uso dalgúns deles é preciso que soliciten a reserva con antelación.

As zonas empregadas para o traballo, tarefas de estudo e actividades planificadas no programa formativo para o alumnado contan con condicións físico-ambientais axeitadas.

O directorio destes espazos pódese atopar na web da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, no apartado referido á información do centro ou directamente premendo o seguinte vínculo: [aulas, laboratorios e outros espazos en pdf](#)

### ***Espazos do persoal académico***

- Despachos: Todo o profesorado a tempo completo, con independencia da súa categoría, conta con despacho individual. Os docentes a tempo parcial sitúanse en despachos dobres. Todos os despachos están situados nos Pavillóns específicos 1 e 2.
- Sala de reunións e salón de graos, cun aforamento de 20 e 40 persoas respectivamente.
- Aula multiusos (Aula Emilia Pardo Bazán), con 210 postos.
- Sala de estudo para o traballo en grupo.
- No edificio existen locais propios para espazos de custodia de materiais e traballos.
- Instalacións de apoio: espazos asociados ao decanato, unidade administrativa, conserxería, gabinete psicopedagóxico, servizos comunitarios, servizos de extensión cultural, servizo e instalacións deportivas, Biblioteca de Campus, etc.
- Instalacións dos centros de prácticas: tódalas instalacións están sometidos á normativa vixente, e non se detectaron ata o momento problemas destacados.
- Departamentos con docencia: o directorio dos departamentos con docencia na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense pódese atopar

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO TRABALLO SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	--	--

na web da propia Facultade de CC.EE dentro do apartado de información do centro, ou tamén premendo o seguinte vínculo: [departamentos](#).

### ***Laboratorios***

O centro conta con numerosos laboratorios, destacando 3 laboratorios de ciencias e didáctica das ciencias, laboratorio de idiomas, laboratorio de audiovisuais, laboratorio de edición de vídeo, laboratorio de fotografía, laboratorios de tests e de psicoloxía experimental. A maior parte destes espazos especializados posúen dotación informática e audiovisual completa. O laboratorio de idiomas está dotado con equipamento e material específico, contando ademais con 20 postos informáticos.

O directorio sobre a distintas ubicacións dos laboratorios na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense pódese ver premendo no vínculo seguinte: [Laboratorios](#)

### ***Salas de informática***

Ademais dos postos incluídos no laboratorio de idiomas, existen tres salas de informática especializadas para a docencia, que contan cun número de postos que van dende os 35 ata os 40. A ocupación destas aulas (aula, 17, 19 e aula soto) está a disposición dos usuarios, con información aberta na web da Facultade: [aulas informáticas](#)

Para acceso libre a internet contamos cun laboratorio dotado con 75 postos. Ademais, como xa se indicou, todo o recinto universitario conta con conexión WIFI.

### ***Salas de estudo***

A Facultade de Ciencias da Educación conta para tódalas súas titulacións cunha sala de estudo no primeiro andar do edificio de ferro. Esta sala está ao lado da delegación de alumnos da devandita facultade.

### ***Outros espazos para os/as estudantes***

O Campus de Ourense conta Complexo Residencial As Burgas foi inaugurado no ano 2001. Dispón de 204 prazas en total e diversas instalacións, deseñadas para facer a túa estancia o máis cómoda posible. No proceso de admisión teñen preferencia os estudantes da Universidade de Vigo, pero se non se completan as prazas, admítense alumnos de outros centros. A residencia tamén ofrece habitacións para estancias diarias e grupos pequenos durante todo o ano. En verán todas as súas prazas destínanse a grupos diversos e ao público en xeral para aloxarse por uns días e/ou semanas.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO TRABALLO SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	--	--

A residencia permanece aberta tódolos días do ano. O complexo sita na Avda. Alfonso Rodríguez Castelao, nº26, no Campus Universitario de As Lagoas 32004- Ourense e pódese contactar a través do enderezo electrónico [asburgas@uvigo.es](mailto:asburgas@uvigo.es) ou [asburgas@resa.es](mailto:asburgas@resa.es), ou ben chamando ao teléfono 988 010 400. Este complexo tamén dispón de páxina web propia na dirección [www.resa.es](http://www.resa.es) onde se poderá máis polo miúdo información referida a reservas, oferta, prezos, actividades, etc.

### ***Biblioteca Universitaria do Campus de Ourense***

A biblioteca central de Campus de Ourense ofrece unhas instalacións, recentemente inauguradas, con espazos, materiais e tecnoloxías actuais. Pon a disposición un amplo fondo bibliográfico, con 50.000 volumes, varios paquetes de libros electrónicos, 400 títulos de revistas en papel e máis de 500 títulos de revistas electrónicas, e unha ampla oferta de bases de datos.

Ofrece como servizos un catálogo automatizado, préstamo en sala e en domicilio, suxestións de adquisición, fotocopiadora, formación de usuarios, información bibliográfica e de referencias, 400 postos de lectura, unha sala de traballo para grupos con 40 postos, 10 computadores para consulta de catálogo e 10 computadores para a consulta de bases de datos e revistas electrónicas. Conta con sistema WIFI. Dispón de horario de apertura nocturna en época de exames.

### ***Servizos dipoñibles***

A Facultade de Ciencias da Educación ofrece ao seu alumnado os seguintes servizos específicos:

#### *Oficina de Apoio ao Emprendedor:*

Esta oficina está aberta de luns a venres de 9:00 a 14:00h. Ubícase no Edificio administrativo-Planta soto do Campus. Pódese contactar coa oficina a través do teléfono 988 387 306 e por mail na dirección [emprende-ou@vigo.es](mailto:emprende-ou@vigo.es).

Esta oficina ofrece os seus servizos aos alumnos titulados universitarios que queiran crear unha empresa, así coma calquera membro da comunidade universitaria interesada no fomento do espírito emprendedor, ofrecendo:

- Apoio técnico preciso no proceso de maduración e posta en marcha dunha empresa.
- Liñas de asesoramento:
- Información sobre diferentes formas xurídicas que se adaptan á idea e características do emprendedor.
- Titorización no proceso de administrativo de constitución da empresa.
- Localización das axudas, subvencións e liñas de financiación pública ás que pódese acoller o proxecto.
- Apoio na xestión de espazos en viveiros de emprego.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO TRABALLO SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	--	--

Todos os interesados que o desexen poderán atopar máis información a cerca de novidades, enlaces de interese para o emprendedor e axudas públicas no vínculo <http://vicou.uvigo.es/alumnado/emprendemento>

Centro de linguas:

O Centro de Linguas naceu co obxectivo de dotar á comunidade universitaria e á sociedade en xeral de un servizo de ensinanza de linguas. A oferta de linguas atende a diferentes tipos de demandas:

- O interese do alumnado das facultades e escolas en completar o seu currículo, ao reforzar o aspecto lingüístico.
- A necesidade do alumnado estranxeiro que ven a nosa Universidade temporalmente de seguir cursos de español.
- A demanda do persoal investigador de ampliar e completar a súa competencia lingüística, particularmente nas linguas máis utilizadas no ámbito científico.
- O coñecemento das linguas minoritarias, das linguas propias da nosa comunidade e tamén de outras situacións lingüísticas semellantes, coma o catalán, e outras menos próximas. O noso interese alcanza tamén as linguas de signos.

Para máis información sobre os cursos de idiomas que organiza este servizo chamar ao 986 812 250, dirixirse á Facultade de Filoloxía e Tradución do Campus Lagoas Marcondense 36310-Vigo ou enviar un mail a os seguintes enderezos electrónicos: [auxcdl@uvigo.es](mailto:auxcdl@uvigo.es) / [centrolinguas@uvigo.es](mailto:centrolinguas@uvigo.es).

Coro Universitario do Campus:

A Vicerreitoría do Campus de Ourense ven de poñer en marcha o Coro Universitario baixo a dirección de Xabier Álvarez.

O Coro pretende abrirse á sociedade ourensá polo que queremos invitar a todos nesta experiencia de encontro social no canto coral.


Para máis información dirixirse á Aula de Música do Edificio de Facultades na porta nº-8, 3º andar en horario de Luns a Xoves 20:00 a 21:30h. Tamén a través do vínculo <http://vicou.uvigo.es/coro> pódese coñecer o protocolo de actuación do coro, o regulamento do coro ou o seu novo repertorio.

Gabinete de Psicopedagogía do Campus de Ourense:

Este gabinete de psicopedagogía está destinado a ofrecer aos estudantes que o necesiten unha orientación e asistencia, ben sexa sobre aspectos estritamente académicos como noutros de tipo persoal.

OFOE (Oficina de Orientación ao emprego e iniciativas empresariais):

A OFOE presta un servizo integral de información, asesoramento, orientación, formación e xestión en aspectos relacionados fundamentalmente coas saídas profesionais, as prácticas externas e o emprego. Co obxecto de facilitar a inserción laboral, esta oficina actúa para:

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO TRABALLO SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	--	--

- Promocionar un servizo integral de información, asesoramento e formación no ámbito da orientación profesional para o emprego
- Contactar permanentemente cos axentes sociais, económicos e institucionais para coñecer a situación do mercado laboral
- Fomentar as oportunidades de achegamento á práctica e ao exercicio profesional das universitarias/os
- Facer de intermediario no mercado laboral e a demanda, mediante a xestión de prácticas e ofertas de emprego en empresas e institucións
- Para o que xestiona bolsas de prácticas en empresas e institucións, ofertas de emprego, organiza talleres e xornadas e diseña proxectos orientados á integración laboral

Servizos de Extensión Universitaria:

- Servizo de actividades culturais: <http://vicou.uvigo.es/alumnado/cultura>
- Servizo de deportes: <http://vicou.uvigo.es/alumnado/deportes>


Servizo De Referencia e Información Bibliográfica:

Este é un servizo da biblioteca e ofrece:

- Información sobre a organización e servizos que ofrece a Biblioteca Universitaria de Vigo
- Orientación no uso do catálogo da biblioteca
- Axuda na utilización dos recursos de información dos que dispón a Biblioteca Universitaria
- Información bibliográfica sobre un tema determinado
- Datos sobre factores de impacto, citas e outros indicadores empregados na avaliación da actividade investigadora
- Obtención de normas UNE
- Sesións formativo no uso do catálogo, bases de datos, xestores bibliográficos, etc.
- Máis información sobre este servizo en :

Servizos en Xeral:

- Servizo de Alumnado
- Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO TRABALLO SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	--	--

- Servizo de Asesoría Xurídica
- Servizo de Extensión Universitaria
- Servizos Económicos
- Servizos de persoal
- Servizos de prevención de riscos laborais
- Área de Normalización lingüística e Servizo de tradución
- Área de tecnoloxía da información e comunicacións (ATIC).
- Unidade de estudos e programas
- Unidade de Igualdade
- Toda a información destes servizos atópase en:  
[http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/)

Existen múltiples aplicacións multimedia da videoconferencia, pero as que realmente teñen importancia no dominio do ensino son as seguintes:

- *Teleformación:*
  - Reunións alumnado-profesorado coa finalidade de poder cubrir horas de titorías.
  - Intercambio de información de forma bidireccional ou multidireccional entre usuarios/as remotos.
  - Clases impartidas por un ou máis educadores/as a un ou máis grupos de estudantes.
  - Colaboración entre alumnado a distancia.
- *Teletraballo:*
  - A resolución de proxectos orientados á docencia ou á investigación poderase realizar a través de reunións entre os integrantes destes.
- *Comunicación remota con expertos:*
  - A posibilidade de reunirse con persoas expertas nunha materia determinada sen a necesidade dun desprazamento innecesario.

#### Uvigo-TV:

é un servizo de televisión por internet prestado pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións (ATIC) da Universidade de Vigo.

Agrupa todos os servizos de transmisión de vídeo sobre internet da Universidade de Vigo, e pon á disposición dos usuarios/as da Universidade contidos audiovisuais de carácter educativo e institucional, conforme ao sistema de vídeo baixo demanda ou en transmisións en directo.

Uvigo-TV, como televisión corporativa sobre internet, permite a transmisión en directo de eventos a toda a rede da Universidade de Vigo ou a toda internet, segundo se desexe.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO TRABALLO SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	--	--

A súa recepción faise a través do computador persoal coa mesma facilidade que a visión dunha páxina web. Así mesmo, este sistema permite gravar eses eventos e telos dispoñibles baixo demanda a través da videoteca de Uvigo-TV.

*Biblioteca Universitaria do Campus de Ourense:*

A biblioteca central de Campus de Ourense ofrece unhas instalacións, recentemente inauguradas, con espazos, materiais e tecnoloxías actuais. Pon a disposición un amplo fondo bibliográfico, con 50.000 volumes, varios paquetes de libros electrónicos, 400 títulos de revistas en papel e máis de 500 títulos de revistas electrónicas, e unha ampla oferta de bases de datos.

Ofrece como servizos un catálogo automatizado, préstamo en sala e en domicilio, suxestións de adquisición, fotocopiadora, formación de usuarios, información bibliográfica e de referencias, 400 postos de lectura, unha sala de traballo para grupos con 40 postos, 10 computadores para consulta de catálogo e 10 computadores para a consulta de bases de datos e revistas electrónicas. Conta con sistema WIFI. Dispón de horario de apertura nocturna en época de exames.

A Biblioteca Central do Campus de Ourense atópase no Campus Universitario as Lagoas. O directorio atópase no abrindo o vínculo [http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/biblioteca/directorio/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/biblioteca/directorio/).

Para saber máis sobre os horarios da biblioteca, carta de servizos, normativa de préstamos ir [http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/biblioteca/info.html](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/biblioteca/info.html) ou ao apartado biblioteca da web da facultade en [http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/biblioteca/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/biblioteca/)

A biblioteca tamén ofrece servizos de intranet en <http://www.intranetdabiblio.es/>

### ***Espazos para os/as representantes dos estudantes***

A Delegación de alumnos da Facultade de Ciencias da Educación atópase no primeiro andar do Edificio de Ferro, na porta nº-1.

### ***Outros equipamentos***

Na Universidade de Vigo, e xestionadas pola ATIC, existen actualmente salas de videoconferencia localizadas nos distintos campus universitarios.


Estas salas admiten a posibilidade de impartir clases de forma interactiva ao compartir as aplicacións necesarias para isto. Estas salas requiren un equipo de ordenadores, en que o alumnado poida traballar.

A planificación levarase a cabo tras encher o Formulario solicitude videoconferencia, co obxectivo de obter unha solución óptima á petición realizada.

Os usuarios/as que fagan uso deste servizo deberán cumprir as normas.

Os equipos de teledocencia están constituídos por medios audiovisuais, equipos de codificación e decodificación, encerados electrónicos e un conxunto de ordenadores para a realización das prácticas por parte do alumnado.



 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA:</b> <b>GRAO TRABALLO SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	---	--

Ademais, a Universidade de Vigo, dispón de tres sistemas integrados móbiles, un en cada campus chamado POLYCOM, que realiza as funcións necesarias para poder establecer unha videoconferencia ou multiconferencia.

Os sistemas de videoconferencia permiten a comunicación interactiva entre persoas situadas en localizacións distintas.

Trátase da transmisión de vídeo e voz en tempo real. Deste xeito, as persoas que participan na videoconferencia poden comunicarse como se se atoparan na mesma sala.

Ademais doutras aplicacións, a videoconferencia pódese considerar como unha ferramenta que se pode utilizar no ámbito da educación a distancia.

A teledocencia integra as tecnoloxías da información e da comunicación dentro do campo do ensino, co obxectivo de realizar actividades de carácter educativo. Ao mesmo tempo, existe a posibilidade de compartir aplicacións e explicacións sen a necesidade de ter que restrinxirnos á visualización e audición de persoas situadas en lugares remotos.

Deste xeito, intégrase a transmisión de datos, vídeo e voz no mesmo medio, de maneira que se pode obter unha conexión simultánea en tempo real que permita intercambiar información entre persoas distantes xeograficamente.

As salas de videoconferencia das que dispón a Universidade de Vigo son:

1. Vigo: sala de xuntas dos Servizos Informáticos (biblioteca central), 5 prazas
2. Vigo: sala AG da biblioteca central, 15-20 prazas
3. **Ourense:** Facultade Dereito – Empresariais, 8-10 prazas
4. Pontevedra: Facultade de Ciencias Sociais, 10-15 prazas

*Videoconferencia masiva AccessGrid:*

A Universidade de Vigo habilitou tres salas *AccessGrid*, unha por cada un dos tres campus que a conforman.

*AccessGrid* pode empregarse como un sistema de videoconferencia que lles permite aos participantes de múltiples localizacións comunicarse en tempo real a través de internet.

O sistema *AccessGrid* pode interactuar cun número indeterminado de localizacións, tanto de España, como do resto do mundo. Permite a posibilidade de amosar, de xeito simultáneo, audio e vídeo en vivo, documentos de traballo e imaxes científicas complexas, como as xurdidas de fontes como microscopios electrónicos ou satélites.

Esta tecnoloxía permítelle ao grupo de participantes a posibilidade de que se escoiten e se vexan uns aos outros, ao tempo que comparten documentación de traballo, en tempo real e sen atrasos. Isto proporciona a oportunidade de traballar en conxunto sen os inconvenientes de ter que desprazarse a outros lugares do país ou do mundo para asistir a esas reunións.

	<b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b>  <b>INFORMACIÓN PÚBLICA:</b> <b>GRAO TRABALLO SOCIAL</b>	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN  OURENSE
---	---	--

As principais características dunha sala *AccessGrid* son:

- Posibilita a realización de reunións/presentacións no contorno dunha mesma sala.
- Posibilita a colaboración con outros grupos de persoas, tanto en España como noutros lugares do mundo que dispoñan dunha sala con esta tecnoloxía.
- Ten a capacidade de permitir empregar outras tecnoloxías nas reunións, como por exemplo presentacións de diapositivas en PowerPoint.
- Proporciona un ambiente en que os micrófonos non precisan ser presionados, de xeito que se crea a "sensación" de estar reunidos nunha mesma sala "virtual".
- Permite a visualización dun escritorio de traballo cunha superficie de 3072 x 768 píxeles.

As salas de *AccesGrid* de que dispón a Universidade de Vigo son:

- Vigo: sala AG da biblioteca central, 15-20 prazas
- **Ourense:** sala de audiovisuais da biblioteca central (2.º andar), 25-30 prazas
- Pontevedra: sala AG da Facultade de Ciencias Sociais (seminario 5, 1. andar), 10-15 prazas

Para ver a solicitude e saber máis sobre a Guía para un bo uso das salas AccesGrid ir a:

[http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/uvigo\\_gl/DOCUMENTOS/xerencia/atic/Guia\\_Uso\\_AccesGrid.pdf](http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/DOCUMENTOS/xerencia/atic/Guia_Uso_AccesGrid.pdf)

### ***Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais***

O contido deste documento público sobre a xestión dos recursos materiais, pódese ver directamente premendo no vínculo seguinte ou indo a área de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación: [procedemento de apoio PA07](#).

### ***Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos***

O contido deste documento público sobre a xestión dos recursos materiais, pódese ver directamente premendo no vínculo seguinte ou indo a área de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación: [procedemento de apoio PA08](#).